

Materia: Xeografía 2º Bacharelato

Unidade 10: As características físicas do relevo galego: Clima, Auga e Paisaxes Eco-xeográficas

Exercicios auto-avaliábeis

1. Que papel xoga o relevo na personalización do clima en Galicia?
2. Identifica as masas de aire que afectan a Galicia e sinala as súas principais características.
3. Suavidade térmica, réxime pluviométrico contrastado, escasa vexetación mediterránea, estámonos referindo a que variedade climática rexional?
4. Indica as características principais que presenta a rede fluvial de Galicia.
5. Sinala algúns problemas derivados dunha mala política da auga.
6. Que entendemos por paisaxe natural?

Respostas

1. A incidencia do relevo sobre a caracterización climática galega exerce sobre dous trazos: o térmico e o pluviométrico. Desde a perspectiva térmica, o relevo acentúa o contraste entre o litoral e o interior, onde se fan visíbeis os trazos suboceánicos. Exerce un papel regulador das precipitación. A disposición meridiana dos conxuntos montañosos provoca que as maiores precipitacións se concentren nas vertentes expostas á chegada das fronteas oceánicas con valores superiores 2000 mm.
2. Galicia vai estar sometida á influencia mais ou menos frecuente de tres tipos de masas de aire: Ártica, Polar, Tropical.
Aire Polar Marítima (Pm) Elevada humidade. Rexistro térmico diferenciado. Condicións de inestabilidade.
Aire Polar Continental (Pc) Seco. Frío. Estábel.
Aire Tropical Marítimo (Tm) Moi cálido, Elevada sequidade.
Aire Ártico Continental (Ac) Extremadamente frío e seco.
Aire Ártico Marítimo (Am) moderadamente húmido, moi frío.
3. Corresponden as características climáticas do clima oceánico que afecta ás provincias occidentais e á de Lugo.
4. A rede fluvial en Galicia presenta unha ampla distribución territorial. Son cursos de auga de curto percorrido. Presentan reducida superficie de bacía. Diversidade de tipos de bacía. Intensa relación entre curso fluvial e fracturación tectónica. Rupturas de pendente no seu trazado. Maior

ou menor incisión dos cursos de auga. A variabilidade dos diferentes cursos.

5. Entre outras problemas podemos sinalar a contaminación dos cursos fluviais por verquidos urbanos e industriais, invasión das marxes dos cursos fluviais, perda de biodiversidade.

6. Referímonos a aquela vexetación non interferida pola acción humana. O tipo de vexetación natural varia dunhas zonas a outras segundo sexan as condicións do relevo, da litoloxía e do clima.